



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

10 Pasos para hacer un Chroma Key.



10 pasos para hacer un Chroma Key

Formador. Lucas Rey Seoane



centro de
formación e recursos

Que é un Chroma Key?

O chroma key é unha técnica audiovisual consistente en eliminar unha cor presente nunha imaxe ou vídeo, e substituíla por outro vídeo ou imaxe.

A cor eliminada soe ser o verde ou o azul.

10 pasos para facer un Chroma Key.

- | | | | |
|---|---|----|--|
| 1 | Montar a pantalla verde no soporte estirándoa até eliminar calqueira engurra. | 2 | Colocar a cámara, móbil ou tablet nun trípode e encadrar o plano coa pantalla verde de fondo. |
| 3 | Iluminar uniformemente a pantalla verde mediante os paneis LED. | 4 | Dispor o motivo diante da pantalla verde evitando que proxecte sombras sobre a pantalla verde. |
| 5 | Configurar a cámara, móbil ou tablet para a gravación do vídeo. | 6 | Gravar o clip de vídeo. |
| 7 | Importar o clip de vídeo gravado nun software de edición. | 8 | Editar o clip de vídeo eliminando o fondo verde e substituíndoo por unha imaxe de fondo. |
| 9 | Engadir transicións, efectos, títulos, etc. | 10 | Exportar o vídeo en formato MP4. |

Pasos para editar un Chroma Key.

7

Importar o clip de vídeo gravado nun software de edición.

1. Abrir Shotcut.
2. Crear un novo proxecto. Escolleremos o Modo de vídeo coincidente coa configuración de vídeo que empregamos ao gravar o vídeo (1080p e 25fps, 720p e 30fps, etc.).
3. Importar o arquivo e vídeo gravado. Para iso, imos ao panel Lista de reprodución, e pulsamos na icona da barra inferior Engadir arquivos á lista de reprodución .

Pasos para editar un Chroma Key.

8

Editar o clip de vídeo eliminando o fondo verde e substituíndoo por unha imaxe de fondo.

1. Crea dúas pistas de vídeo na liña de tempo. Imos á icona  e pulsamos en Operacións de pista e despois Engadir pista de vídeo.
2. Levar o clip de vídeo até a pista superior arrastrándoo co rato dende o panel Lista de reprodución.
3. Levar o clip de vídeo ou a imaxe de fondo até a pista inferior.
4. Seleccionar o clip co chroma pulsando sobre el na liña de tempo.
5. Abrir o panel Filtros e pulsar o signo  para engadir o efecto Clave de cor: sinxela.
6. Facer clic co rato sobre o pingueiro de selección de cor  e pinchar sobre a pantalla verde no panel de Proxecto.
7. Aumentar progresivamente a porcentaxe de Distancia até eliminar todo o fondo verde.

Pasos para editar un Chroma Key.

9

Engadir transicións, efectos, títulos, etc.

1. Engadir fundidos de entrada e saída de vídeo seleccionando un clip de vídeo e indo ao panel Filtros, ou pinchando sobre unha esquiña do clip (no círculo negro) e arrastrando cara a dereita ou esquerda.
2. Editar o brillo, o contraste, a saturación ou a corrección de cor dun clip seleccionando un clip de vídeo e indo ao panel Filtros.
3. Crear títulos de texto. Para iso imos á icona Abrir outro da barra de menús superior, seleccionamos Texto e na ventá emerxente pulsamos en Engadir á liña de tempo, creándose un clip de vídeo nunha nova pista.
4. Engadir música ou efectos de son se é necesario. Para iso comezamos importando os arquivos de audio, despois engadindo unha nova pista de audio, e finalmente arrastrando os arquivos até a nova pista.

Pasos para editar un Chroma Key.

10

Exportar o vídeo en formato MP4.

1. Facer clic co rato sobre a icona Exportar na barra de menús superior.
2. Escoller o formato de exportación na ventá emerxente. Unha boa opción é o formato para Youtube, que da como resultado un arquivo de vídeo en MP4 (H.264) ideal para subir o vídeo á rede. Asegurarémonos de ter marcada a opción de exportar dende a liña de tempo.